



**CEIP PLURILINGÜE ALBORADA
PROXECTO LECTOR
2023/24-2026/27**

COORDINADORA BIBLIOTECA
Ceip.alborada@edu.xunta.gal



CEIP PLURILINGÜE ALBORADA

PROXECTO LECTOR

2023/24-2026/27

«A biblioteca é a máis democrática das institucións, porque ninguén pode dicirnos que ler,, cando e como»

Doris Lessing

"Le e conducirás, no leas e serás conducido".

Santa Teresa de Jesús.

ÍNDICE

- 1.- INTRODUCCIÓN: A BIBLIOTECA ESCOLAR COMO CENTRO DE APRENDIZAXE, SOCIALIZACIÓN, CREATIVIDADE E COMUNICACIÓN.
- 2.- XUSTIFICACIÓN LEXISLATIVA
- 3.- SITUACIÓN ACTUAL E CONTEXTO DO CENTRO.
- 4.- OBXECTIVOS
 - 4.1.- Obxectivos xerais.
 - 4.2.- Obxectivos específicos.
 - EDUCACIÓN INFANTIL
 - 1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA
 - 2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA
 - 3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA
- 5.- ORGANIZACIÓN
- 6.- METODOLOXÍA
- 7.- A COMUNIDADE ESCOLAR E A SÚA PARTICIPACIÓN
- 8.- RECURSOS MATERIAIS
 - 8.1.- ESPAZOS TEMÁTICOS
- 9.- ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LECTURA, A ESCRITURA E A ALFABETIZACIÓN INFORMACIONAL.
 - 9.1.- NOVAS ACTUACIÓNS PENDENTES DE SER SISTEMATIZADAS E/OU INCORPORADAS NA DINÁMICA DO CENTRO.
 - RELACIONADAS CO FOMENTO DA LECTURA E O USO DOS ESPAZOS DA BE
 - RELACIONADAS CO FOMENTO DA ESCRITURA E A EXPRESIÓN
- 10.- AVALIACIÓN

1.- INTRODUCCIÓN: A BIBLIOTECA ESCOLAR COMO CENTRO DE APRENDIZAXE, SOCIALIZACIÓN, CREATIVIDADE E COMUNICACIÓN.

O código escrito é unha porta de acceso ao mundo da información e dos diversos saberes pero tamén ao universo da fantasía e a ficción. A lectura posibilita no alumnado non só este acceso a un mundo escrito senón tamén un mellor desenvolvemento das súas capacidades lingüísticas e comunicativas. Asemade esta capacidade enriquece a autonomía e a autoestima do alumnado perante ao mundo e unha mellor base para definirse a si mesmos nun mundo diverso, cambiante e, que a pesar da diversidade de medios, se presenta dun xeito escrito e/ou gráfico que precisa habilidades lectoras tamén diversas. Esta capacidade involucra outras áreas como a ortografía, a riqueza léxica e a expresión oral e escrita nas que xermolan a creatividade, o sentido crítico e a autorealización.

Como non podía ser doutro xeito, a lectura e a descodificación de diversos sistemas en múltiples medios é un obxectivo da educación primaria nas diferentes áreas e niveis.

De feito a lectura mecánica, baseada na descodificación de mensaxes, é só unha parte dun obxectivo maior que busca a lectura comprensiva. Nesta os obxectivos son a elaboración de significados a través das conexións entre as informacións lidas e as coñecidas e aínda máis, a creación de novas mensaxes que conteñan certo grado de riqueza, expresividade e creatividade en diferentes medios.

Este proxecto lector trata de dar resposta a estas necesidades, complexas e cambiantes e elabórase como un documento aberto a todo o claustro e as súas demandas en función das necesidades do alumnado. Nel trátase de integrar os principios básicos a ser adoptados polo claustro e as diferentes intervencións e actividades que se decidan no mesmo.

Polo tanto tratarase de incluír actividades destinadas ao fomento da lectura e a escritura así como outras relacionadas co tratamento da información e a inclusión das diferentes competencias básicas.

Especialmente salientable é a competencia cívica dentro da biblioteca escolar posto que esta non é só un almacén de libros senón un espazo de intercambio, creatividade e investigación aberto a todo o alumnado. O fomento de actividades lúdicas e plásticas

dentro deste espazo privilexiado dan fe dos cambios promovidos dende diferentes entidades dentro da consellería que enriquecen a biblioteca escolar ano tras ano.

A aposta decidida do noso equipo directivo por mellorar a nosa biblioteca e convertela nun espazo neurálxico do centro motivan non só este proxecto lector senón tamén os cambios fixados no proxecto educativo ao que este documento acompaña.

En liña tamén cos obxectivos do desenvolvemento sostible (ODS) e a axenda 2030 ampliamos o espazo da nosa biblioteca para encher o centro de recunchos e exposicións temáticas temporais inspiradas por algúns destes obxectivos tales como a igualdade de xénero, paz e xustiza ou saúde e benestar por citar só algunhas das nosas conmemoracións habituais.

De igual xeito, a través de accións cotiás como o empréstito de libros ou o fomento da lectura a BE loita contra o fin das desigualdades e a favor dunha educación de calidade así como un traballo constante pola igualdade de xénero, actuando como elemento compensador.

Este documento pretende contribuír á sistematización no uso da biblioteca e aos seus recursos por parte de toda a comunidade educativa así como a unha reflexión da práctica pedagóxica en relación á lectura, a socialización, a creación e o acceso á información.

2.- XUSTIFICACIÓN LEXISLATIVA

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación mantén a redacción do artigo 2 no que se recolle, entre outros, que os poderes públicos prestarán atención prioritaria ao conxunto de factores que favorecen a calidade da ensinanza e, en especial [...] a experimentación e a renovación educativa, o fomento da lectura e o uso de bibliotecas.

Esta aparece citada ata 128 veces no decreto 155/2022, do 15 de setembro que establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 33 baixo o epígrafe "Bibliotecas escolares e aproximación á lectura" recolle, entre outros, que os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo un plan de lectura e un plan de biblioteca, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través de actuacións destinadas ao fomento da lectura, da

escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

Este plan responde, entre outros, á finalidade de promover a biblioteca como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe.

Así mesmo, a biblioteca escolar será un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, o traballo colaborativo e os intercambios culturais no centro, ademais de servir como instrumento de apoio para o desenvolvemento do plan de lectura.

Nos diferentes obxectivos das diferentes áreas a biblioteca aparece mencionada varias veces, entendida esta como un espazo creativo de aprendizaxes, como a contorna ideal para a adquisición da competencia de aprender a aprender e de busca de información ademais da competencia lingüística.

A súa relevancia fai que o coñecemento e uso da biblioteca sexan incluídos dentro dos criterios de avaliación. Así xa no primeiro ciclo, entre os criterios de comunicación escrita dentro da área de lingua castelá e literatura podemos ler como criterio de avaliación "Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro, amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia".

Nesta liña, entre os contidos da área atopamos o uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel. Asemade dentro do bloque de alfabetización mediática e informacional podemos ler o criterio de avaliación correspondente: "coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula ou do centro".

Estes contidos e criterios de avaliación repítense ao longo do currículo con crecente dificultade e incluíndo progresivamente o uso das tecnoloxías da información e a comunicación e as bibliotecas virtuais.

Esta redacción da mostra da importancia de educar nun uso e lectura crítico da información en diferentes contextos e formatos, educación que no noso caso ha de comezar na biblioteca escolar e de aula como fontes de aprendizaxe e recursos.

3.- SITUACIÓN ACTUAL E CONTEXTO DO CENTRO.

O centro Plurilingüe Alborada é un centro urbano situado na rúa San José de Calasanz, na cidade da Coruña. Está localizado na zona sur-leste de A Coruña dentro do casco urbano, nun lugar despexado e afastado de focos de ruído e contaminación. Localizado na cidade da Coruña, basicamente poboado por familias de clase media e media-baixa que se concentran en bloques de vivendas, moitas delas a carón do propio centro escolar.

Cabe destacar a asistencia de alumnos/as procedentes de familias de etnia xitana que viven a maioría nas inmediacións do colexio. Así mesmo, hai que sinalar que o alumnado estranxeiro representan un 10% do alumnado cunha incorporación que habitualmente ten lugar unha vez iniciado o curso escolar.

O Centro segundo catálogo, está configurado como Liña 2 de 18 unidades creadas das cales 6 son de Educación Infantil e 12 de Educación Primaria. Estas unidades varían en función das necesidades de escolarización, podendo darse o caso nalgúns niveis de funcionar como liña 3 ou como na actualidade funcionar como liña 1 nalgúns cursos de E.I. O número actual de alumnado é de 382 nenos e nenas. Contamos con alumnado de NEAE e, como xa se mencionou, ao longo do curso acostuma haber novas incorporacións.

O claustro conta con moito profesorado definitivo pero existe tamén un grupo importante de profesorado provisional o que dificulta ás veces a programación de proxectos a medio ou longo prazo como neste caso require o proxecto lector.

O nivel de comprensión lectora e expresión escrita do alumnado é bastante variable en función da situación socio cultural dos discentes. Existe un gran número de alumnos e alumnas cun gran acceso a multitude de situacións culturais e/ou de lectura e acceso ás tecnoloxías dun xeito guiado. Sen embargo existe tamén un grupo de alumnos e alumnas con dificultades de lectura ou comprensión lectora así como de acceso ás tecnoloxías, ben por carencia das mesmas ou por un acceso non pautado acorde á idade.

Na área de influencia do noso centro predomina o uso do castelán como lingua de uso habitual o que condiciona negativamente cara a lectura en galego. De igual xeito a lectura en inglés é bastante escasa. Porén o uso da biblioteca do centro e das seccións de aula faise, se cabe, máis importante para que o noso alumnado teña acceso á literatura en galego e noutras linguas de calidade e dun xeito guiado. Ese papel de guía recae na figura do coordinador da biblioteca como axente mediador fundamental entre a biblioteca e o alumnado pero moitas veces tamén entre a biblioteca e o claustro e as familias.

Con relación ao profesorado existe un grupo de docentes moi involucrado e activo no uso da biblioteca e na promoción da mesma entre o alumnado das súas titorías. Con todo, un grupo minoritario amósase reticente a empregar este espazo como o que é, un recurso máis do centro e quizais o máis importante de cara a traballar a autonomía, socialización e acceso a información do alumnado. Detectamos tamén entre este último grupo un uso limitado de aplicacións de xestión de biblioteca como o Meiga e descoñecemento de aspectos básicos de organización da BE para o cal proxectamos unha formación de usuarios de profesorado en consonancia coa formación de usuarios de alumnado.

Este curso 2022-23 que está a piques de rematar supuxo moitos cambios con relación a distribución e organización da biblioteca, especialmente a situada no primeiro andar. O apoio da Equipa Directiva a biblioteca como centro neurálxico da aprendizaxe motivou sucesivas modificacións tanto no mobiliario como no espazo físico da mesma, distribuída en diferentes sección por todo o centro, sendo a biblioteca de primaria o epicentro de xestión e organización das diferentes seccións, tanto de aula como dos diferentes recunchos temáticos aos que dedicaremos un epígrafe nas seguintes páxinas.

Estes cambios débense non só a un decidido intento de mellorar a distribución de espazos dentro da propia BE senón tamén aos diferentes programas dos que pasamos a formar parte: Radio na Biblio e Biblioteca Creativa. Ambos os dous programas fan fincapé no uso de ferramentas tecnolóxicas o cal supón un reto engadido para o

proxecto lector de centro e motivan en parte a necesidade de renovar este acorde a estes novos retos e outros incluídos no novo Proxecto Educativo.

4.- OBXECTIVOS

4.1.- Obxectivos xerais.

- Facer da lectura e do acceso á biblioteca e aos seus recursos unha estratexia que favoreza a aprendizaxe e o desenvolvemento das competencias clave, especialmente a competencia en comunicación lingüística e plurilingüe, a competencia dixital e a competencia persoal, social e de aprender a aprender. Ademais destas, o espazo privilexiado da biblioteca e as súas seccións posibilita a práctica da competencia cidadá e a competencia emprendedora, sen esquecer a competencia en conciencia e expresión culturais, tan vinculada dende sempre á palabra escrita e a imaxe en diferentes formatos. Finalmente, o uso de xogos específicos para a etapa de primaria fai que sexa a biblioteca tamén o espazo idóneo para o traballo da competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñería, máis coñecida como STEM.
- Fomentar a lectura dende un proxecto global de centro e integrado nos diferentes PDI anuais ou bianuais, integrando esta no currículo a través de intervencións sistematizadas na aula e nas diferentes seccións e programas da biblioteca escolar.
- Desenvolver de xeito xeral a competencia lectora a través da visualización e o traballo con diferentes tipos de códigos tanto escritos como visuais e/ou sonoros e diferentes tipoloxías textuais en diferentes soportes, prestando especial atención ao traballo coas TICs en situacións contextualizadas de busca da información e emprego da mesma.
- Fomentar e practicar diferentes técnicas de lectura e diferentes agrupacións para a mesma en función das necesidades curriculares ou persoais do alumnado.
- Fomentar a competencia literaria e axudar ao alumnado a desenvolver un gusto e criterio persoal fronte aos textos en diferentes formatos e a recepción crítica dos mesmos.
- Favorecer a adquisición de estratexias propias e habilidades persoais para o



acceso e o uso crítico da información.

- Vincular as prácticas lectoras e escritoras traballadas no entorno da escola coas necesarias no ámbito social.
- Facer da lectura un recurso esencial co que atender á diversidade do alumnado, nas súas diversas capacidades, intereses e necesidades e un elemento compensador das diferencias sociais.
- Implicar a toda a comunidade educativa no desenvolvemento do hábito lector.
- Organizar os espazos da BE e seleccionar fondos bibliográficos adaptados ás necesidades do centro, da comunidade educativa e acorde aos diferentes programas dos que forma parte.

4.2 Obxectivos específicos.

EDUCACIÓN INFANTIL

- Visitar a BE e coñecer as normas básicas de comportamento e organización que rexen na mesma.
- Identificar as zonas onde se atopan os libros do seu interese e/ou nivel e outros materiais pedagóxicos como xogos de diferentes temáticas e material de robótica.
- Promover a identificación da BE cun lugar de lectura, traballo e coñecemento pero tamén social e lúdico, de lecer, goce e creación.
- Traballar a comprensión lectora axudados de imaxes e outros recursos visuais.
- Amosar unha disposición favorable co alumnado cara o proceso de lectoescritura e o uso habitual da biblioteca como centro de xogo e manexo de libros e outros recursos dispoñibles na mesma.

1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- Coñecer, aplicar e observar as normas da biblioteca e das diferentes seccións.
- Realizar con axuda do titor ou o coordinador de biblioteca, formación de usuario que lles permita actuar con certa autonomía.
- Desenvolver hábitos de coidado e respecto cara os diferentes materiais e

recursos dispoñibles.

- Adquirir o proceso mecánico de lectoescritura.
- Favorecer a comprensión lectora con axuda de imaxes e outros recursos visuais ou dixitais.
- Promover o contacto do alumando con materiais textuais de diferente tipo e en diferentes soportes.

2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- Adquirir autonomía plena no emprego da BE e das súas seccións como fonte de recursos para o coñecemento, a socialización, o lecer e a creación.
- Iniciarse na busca autónoma de información en diferentes soportes.
- Investigar e cultivar as preferencias lectoras individuais dun xeito crítico e informado.
- Ler con fluidez, entoación e velocidade axeitada á súa idade, diferentes tipos de textos en diferentes soportes.
- Favorecer a comprensión lectora a través de diferentes estratexias (títulos, imaxes etc)
- Traballar na elaboración propia de distintos tipos de textos relacionados coa súa vida cotiá. (Descricións, contos, cartas ...)
- Colaborar nas lecturas entre niveis e nas lecturas en voz alta de cara a un auditorio seleccionado prestando atención á entoación, velocidade etc.

3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- Utilizar autonomamente a biblioteca, axudando a outros membros da comunidade escolar a desenvolverse nela e nas súas diferentes seccións.
- Buscar autonomamente información en diferentes fontes e soportes e ser quen de seleccionar o máis relevante.
- Afianzar a lectura individual comprensiva e silenciosa de diferentes tipos de textos e en diferentes soportes.
- Desenvolver a sensibilidade aos diferentes recursos estilísticos empregados polo autor/a para xerar diferentes efectos no texto. (comparacións, personificacións etc)
- Coñecer a estrutura dos diferentes tipos de textos, tanto dende o punto de vista

da recepción como da expresión.

- Identificar e analizar criticamente os diferentes elementos textuais e paratextuais involucradas na creación dun texto (narrador, ton, autor/a, editorial etc)
- Participar na lectura e/ou dramatización de textos prestando atención a entoación, velocidade etc en función do auditorio seleccionado.

5.- ORGANIZACIÓN

O equipo de biblioteca estará composto duns 10 ou 15 membros, con representación de todos os ciclos. Estes estarán coordinados por unha persoa, a poder ser con destino definitivo e, sempre que sexa posible, con formación específica en BE, tratando de dar continuidade ao traballo realizado. Na medida do posible e sempre que a organización do centro o permita, os integrantes do equipo de biblioteca contarán con horas a disposición da xestión da BE e das súas actividades.

O horario de apertura da BE será pola mañá en horario lectivo de 9:00 a 14:00, accesible para os titores e as súas aulas nun sesión semanal e cun calendario estipulado a principio de curso.

Esta tamén será accesible en horario de 16:00 a 18:00 previa autorización dos pais, nais ou titores e baixo a vixilancia das persoas de garda organizadas pola xefatura de estudos.

A biblioteca de primaria tamén será accesible para todo o alumnado que así o desexe, no recreo de 11:30 a 12:00, acorde a ratio de 25 usuarios e 3 axudantes supervisados polo mestre de garda que estipule a xefatura de estudos. Esta estará a disposición do alumnado para o lecer, a creación e o empréstito.

Estase a valorar a creación dun zona específica de xogos no primeiro andar tamén supervisada por un profesor de garda e xestionada por un equipo de axudantes. A ratio, en torno aos 10 usuarios, será aquela que favoreza o xogo e pode variar en función das necesidades.

Na medida do posible e sempre que se incorpore un novo integrante ao equipo de biblioteca, este será informado da distribución da mesma, das materias e seccións así como do estado das tarefas pendentes e da xestión e organización de dito equipo.

A finais de curso deberá quedar establecido o tema central sobre o que se elaborará o proxecto documental integrado, coa finalidade de facilitar a organización dos mestres/as con vistas ao seguinte curso.

A elaboración do Plan Anual de Lectura terá lugar unha vez comezado o curso e co tema do PDI xa decidido. Dito Plan será posto a disposición do claustro en canto sexa posible. Na medida do posible darase a coñecer a principio de curso ou antes de rematado o anterior as principais conmemoracións e actividades que serán organizadas polas diferentes dinamizacións, entre elas a biblioteca, facilitando unha breve programación coordinada pola xefatura de estudos e/ou a equipa directiva na que participen os diferentes equipos do centro, deixando a decisión do titor o enriquecer este traballo con diferentes achegas e ideas.

Entre as primeiras actuacións cabe sinalar a selección e organización dos fondos bibliográficos dispoñibles para dar resposta ás necesidades documentais que poidan xurdir na elaboración do PDI ou das actividades propostas.

Esta revisión de fondos inclúe as mochilas viaxeiras que serán elaboradas a criterio dos titores tendo en conta as necesidades detectadas no alumnado e en función da PDI do curso en marcha.

Todos os membros do claustro deben saber realizar empréstitos e devolucións básicas ao alumnado ou ao número creado para a súa aula. É labor de cada titor manter no mellor estado os libros da súa sección de aula así como traballar co seu alumnado no manexo e coidado dos exemplares dispoñibles en cada sección que serán renovados con fondos da BE sempre que o consideren oportuno.

A labor de catalogación queda en mans da persoa coordinadora e dalgún membro do equipo de biblioteca que desexe participar desta tarefa.

Todo o equipo debe participar da labor de selección de novos fondos bibliográficos así como tomar decisión en torno aos materiais de expurgo, ben por que resultan obsoletos ou están en desuso ou ben porque están deteriorados. Todo cambio que afecte aos fondos bibliográficos rexistrados en Meiga debe quedar sinalado e rexistrado en dita base de datos.

Queda pendente a xestión dos carnés de biblioteca. Sen embargo, tentando minimizar o impacto ambiental e o gasto de papel e dada a facilidade de manexo destes a

disposición dos usuarios na biblioteca, optamos por conservalos todos nun único espazo visible e encadernado a disposición de todos os usuarios da biblioteca.

A continuación resumimos algunhas das principais tarefas de xestión da BE e a súa distribución no tempo. Estas aparecerán detalladas en maior medida na táboa de traballo e autoavaliación realizada ao principio e final de cada curso lectivo.

Tarefas	Temporalización
Revisión do proxecto lector.	Cando corresponda en función do PEC
Elaboración do Plan Anual de Lectura, aprobación polo claustro e incorporación na PXA	Setembro
Formación de usuarios para profesorado	Setembro
Elaboración da programación trimestral de actividades	Setembro, Xaneiro, Abril
Elaboración do calendario de uso da BE polas titorías	Setembro
Actualización dos números de carnés (altas e baixas)	Setembro
Revisión e adquisición de fondos en función do PDI	Setembro
Elaboración de marcadores de estantes e puntos de lectura para os usuarios (dende titorías)	Setembro
Formación de usuarios para alumnado	Setembro/outubro
Formación de axudantes de BE	Setembro/outubro
Avaliación inicial	Setembro
Posta en marcha das mochilas viaxeiras	Setembro/outubro
Expurgo e reparación de exemplares de ser posible	Todo o curso
Valoración e adquisición de fondos atendendo ás recomendación 60%-40%	Todo o curso
Comprobación da devolución de todos os empréstimos realizados (mochilas viaxeiras, alumnado, profesorado e sección de aula)	Xuño
Avaliación das actividades realizadas e do desempeño do equipo de BE ao longo do curso	Xuño
Proposta de temáticas para o PDI do curso seguinte	Xuño

Catalogación, rexistro e selado de novas adquisicións	Todo o curso
Difusión de novidades ou visualización de fondos en función de diferentes conmemoracións	Todo o curso
Creación e actualización do blog da BE en función do PDI	En setembro e sempre que sexa preciso.
Creación dos clubs de lectura e coordinación dos mesmos	Setembro/outubro e todo o curso.
Creación de equipo de voluntarios para a xestión do blog de BE	Outubro e todo o curso.
Creación dun Equipo Creativo de voluntarios	Setembro /outubro
Revisión da caixa de suxestión e comunicación con Sito, a mascota da biblioteca	Todo o curso
Creación de cartas de Sito, a mascota da BE	Setembro para explicar o PDI e nas principais conmemoracións.

Estas son só algunhas das activades que constitúen o punto de partida da labor do equipo de biblioteca, mais ao longo do curso acotío xorden outras necesidades ás que a BE deber dar resposta en función da súa posición como eixo vertebrador de actividades de investigación e creación así como outras aprendizaxes interdisciplinares.

Faltan neste cadro moitas outras actividades de dinamización e animación a lectura relacionadas coas distintas conmemoracións, cos clubs de lectura dos que esperamos formar parte de novo, coa biblioteca creativa e o programa de Radio na Biblio así como algún outro programa relacionado coa labor da biblioteca no que poidamos entrar a formar parte. Estas e outras quedarán recollidas tanto no Plan Anual de Lectura incluído na PXA como nas diferentes memorias preceptivas elaboradas en Xuño e Xullo dos diferentes cursos.

6.- METODOLOXÍA

Para o fomento da lectura tratarase de promover unha metodoloxía participativa tanto a nivel de claustro como a nivel de alumnado. Isto exige un método de traballo por proxectos e/ou retos que sexa dinámico e flexible, capaz de adaptarse ás necesidade e

intereses do alumnado a través de propostas atractivas e significativas.

Os criterios de actualización dos fondos seguirán o estipulado pola asesoría, tratando de manter a correcta porcentaxe 60%-40% entre libro informativo e de ficción acorde á idade, características e necesidades do alumnado.

A colaboración entre os integrantes do claustro e o equipo de biblioteca así como de toda a comunidade educativa é fundamental para enriquecer este proxecto lector no medio prazo e o plan de lectura anual no curto prazo.

Algunhas estratexias de lectura a incluír dentro do traballo de aula inclúen o traballo exhaustivo cos textos para favorecer a comprensión. De igual xeito, comprobar a comprensión por medio de preguntas orais e escritas en diferentes soportes así como analizar e comentar o vocabulario ou facer actividades lúdicas (sopas de letras, encrucillados co novo léxico etc). Son todos xeito de axudar ao alumnado á creación dun léxico propio, rico e máis preciso.

Outro aspecto importante a ter en conta é a valoración do erro e a dúbida como parte intrínseca do proceso de aprendizaxe, fomentando o uso do dicionario en diferentes soportes e integrando esta ferramenta como parte esencial da aprendizaxe.

Nas aulas e nas lecturas entre niveis traballarase a entoación e o ritmo de lecturas como ferramentas que colaboran na comprensión dos textos.

A raíz das diferentes formacións nas Xornadas Plambe e nos Clubs de Lectura apostamos por unha renovación de xéneros que inclúa o cómic, a banda deseñada e a novela gráfica como parte dos nosos fondos bibliográficos e como parte dos itinerarios lectores a desenvolver nos próximos cursos.

As bibliotecas do centro, especialmente a de primaria será o lugar de referencia para as diferentes actividades culturais que se leven a cabo no centro.

Ademais das tradicionais actividades de dinamización que inclúen contacontos, dramatizacións e/ou visitas de autores, apostamos por unha nova biblioteca con tres vertentes diferenciadas: esfera da comunicación, especialmente coa Radio na Biblio e o uso do croma; esfera lúdica e social, a través dos xogos, e esfera creativa mediante os traballos de creación plástica e actividades en colaboración coa aula de robótica e os proxectos de Polos Creativos.

Mención aparte merece o uso das TICs, presente no día a día da biblioteca, dende a

xestión ata a creación de actividades interactivas, o seguimento do blog da biblioteca ou o manexo da Radio e o croma. Outro xeito de introducir as TICS é a través de buscas guiadas ou autónomas de información na rede, visitas virtuais a museos, manexo de ferramentas dixitais, creación de blogs ou sinalización como xa mencionamos, e outras actividades de programación ou robótica.

7.- A COMUNIDADE ESCOLAR E A SÚA PARTICIPACIÓN

Unha biblioteca escolar e un Proxecto Lector con plans de futuro e éxito ha necesariamente de contar coa implicación de todo o claustro e animar a este a participar no desenvolvemento das actividades que se propoñan.

Esta labor de mediación e coordinación implica que os integrantes do equipo da biblioteca terán tamén unha actitude proactiva a participar das propostas de actividades doutras dinamizacións e equipos.

Con todo, a labor de xestión da biblioteca e os seus recursos recae principalmente no equipo dinamizador. Neste incluímos en certa medida ao alumnado voluntario e axudante que pasa a ser unha parte importante do bo funcionamento diario da biblioteca.

Outra parte importante desta gran biblioteca que tratamos de articular e a participación das familias. No curso 2022-23 que ven de rematar contamos coa satisfacción de ter iniciado un club de lectura de pais e nais. Estas colaboracións puntuais animan a afondar nas posibilidades dun traballo conxunto a prol da mellora da aprendizaxe do noso alumnado no que as familias son modelo e modelan o hábito lector na nosa comunidade.

De igual xeito, as visitas ás bibliotecas da contorna como a Biblioteca Miguel González Garcés ou as liberacións de libros en diferentes establecementos da contorna fomentan o hábito de rodearse e acceder á lectura.

8.- RECURSOS MATERIAIS

Na actualidade o noso centro con dous espazos diferenciados como eixos da biblioteca escolar. No corredor de infantil contamos cunha biblioteca destinada ao uso dos máis pequenos con lecturas e xogos apropiados ao seu nivel. Nesta temos tamén tres

beebots para uso do alumnado de infantil e unha pantalla para proxeccións. A distribución da mesma facilita o xogo e o movemento polo espazo.

No primeiro andar está a biblioteca de primaria. Os diferentes cambios de mobiliario e a distribución dos fondos en zonas diferenciadas favorece o traballo colaborativo, a creación e o xogo en tres áreas claramente delimitadas.

- Existe unha zona con sofás para a lectura informal ou a proxección de material audiovisual coa correspondente pantalla.

- Unha zona central de traballo e/ou xogo e adxunta a esta unha zona máis delimitada para o traballo con libro informativo.

- Ao fondo o Recanto Creador onde se atopa a zona Lego e diferentes xogos magnéticos así como un espazo para a creación con acceso a libros de manualidades e artes plásticas.

No medio da biblioteca habilitouse a zona de empréstito e catalogación co ordenador principal con acceso ao Meiga. Este foi unha gran mellora posto que nesta nova localización o profesor de garda pode ter unha mellor panorámica de todo o que acontece na biblioteca.

No que aos fondos se refire contamos con materiais en galego, castelán e inglés como corresponde ao carácter plurilingüe do noso centro. Os exemplares a disposición do alumnado e da comunidade educativa son de tipoloxía diversa. Encontramos obras de referencia e libro informativo da maioría de temáticas contidas na CDU. Encontramos tamén narrativa infantil e xuvenil, obras de teatro, poesía e música así como biografías e un longo etcétera. Neste curso incrementáronse os fondos de cómic, manga e novela gráfica atendendo ás peticións do alumnado e seguindo a formación recibida nas Xornadas dos Clubs de Lectura organizados pola Asesoría de Bibliotecas. De igual maneira fornecemos a biblioteca de novos fondos de libro informativo e relacionados co mundo da programación así como novos xogos.

8.1.- ESPAZOS TEMÁTICOS

Nestes momentos o noso centro conta con diferentes recunchos temáticos. A súa finalidade é a de visibilizar e poñer de relevo diferentes temáticas que consideremos especialmente significativas e que forman parte do proxecto educativo do centro ou

dos diferentes programas educativos dos que formamos parte. Deste xeito tratamos de que todo o centro sexa unha gran biblioteca con libros accesibles en calquera dos espazos do centro.

Entre estes recunchos cabe sinalar o **Recuncho Violeta** con libros que fan énfase na cuestión de xéneros. Neste recuncho atopamos biografías de figuras relevantes no eido da ciencia, a literatura e outros ámbitos pero tamén re escrituras de clásicos cunha visión de xénero e textos que avogan pola igualdade de xénero e a non violencia.

Contamos tamén cun **Recuncho de Adultos** no que familias e profesorado teñen á súa disposición exemplares relacionados coa pedagogía, a educación emocional, traballo cooperativo e un longo etcétera.

No primeiro andar temos o **Recuncho da Árbore** e o **Recuncho de Voz Natura** no cal se sitúan aqueles libros relacionados co ecoloxía dende diferentes perspectivas, tanto literarias como informativas, axustándonos aos diferentes niveis e intereses do alumnado.

Neste andar está tamén o **Recuncho de novidades**.

No segundo andar temos un recuncho de cambios con lecturas adicadas a afondar nos cambios físicos que preocupan ao alumnado de segundo ciclo.

Tamén no segundo andar está o **Recuncho do Club de Ciencias** con libros que afondan nesta temática así como experimentos.

9.- ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LECTURA, A ESCRITURA E A ALFABETIZACIÓN INFORMACIONAL.

A importancia do Proxecto Lector, do Plan Anual de Lecturas e doutras actividades relacionadas co fomento da lectura, a escritura, o acceso á biblioteca e a alfabetización informacional están sobradamente xustificadas e respaldadas pola lexislación vixente como vimos con anterioridade. Todas elas colaboran no desenvolvemento das competencias básicas tanto no eido oral coma escrito, tecnolóxico e interpersonal.

Por estes motivos neste proxecto recollemos algunhas das actividades que se están a levar a cabo de xeito sistemático no noso centro e outras que esperamos desenvolver en cursos sucesivos dentro do novo proxecto educativo.

Entre as actividades de dinamización da biblioteca e de promoción da lectura no noso

centro contamos coas seguintes:

- Hora de Ler.
- Mochilas viaxeiras.
- Lecturas entre niveis.
- Conmemoración tales como Samaín, Día do Libro, Semana da prensa.
- Dramatización e lecturas terroríficas.
- Recomendacións de lecturas: de inverno e verán.
- Visitas de escritores, ilustradores etc.
- Clubs de lectura.
- Contacontos.
- Bibliopatio.
- Cartas a infantil e primeiro ciclo de Sito, a nosa mascota da biblioteca.
- Exposicións temáticas en función da PDI e das diferentes conmemoracións.

9.1.- NOVAS ACTUACIÓNS PENDENTES DE SER SISTEMATIZADAS E/OU INCORPORADAS NA DINÁMICA DO CENTRO.

-- RELACIONADAS CO FOMENTO DA LECTURA E O USO DOS ESPAZOS DA BE

- Retos lectores con premios aos máis lectores de cada aula/nivel.
- Retos creativos para desenvolver no recanto creador.
- Dinamizar o espazo de xogos e o acompañamento dos mesmos.
- Establecer un itinerario lector sólido para o centro.
- Organizar coloquios ou faladoiros literarios.
- Desenvolver actividades lúdicas ao redor de léxico literario e formación de achega e espírito crítico fronte a lectura e os medios dixitais.
- Abrir a biblioteca do centro ás familias.

-- RELACIONADAS CO FOMENTO DA ESCRITURA E A EXPRESIÓN

- Organizar concursos de escritura e/ou expresión artística.
- Fomentar xogos lingüísticos e de vocabulario.
- Creación e exposición de libros e/ou creacións colectivas.
- Implicar ao alumnado na creación da revista escolar.

10.- AVALIACIÓN.

Un centro educativo que persiga unha educación de calidade e adaptada ao seu contexto debe ter presente o proceso de avaliación como parte integrante de todas as dinámicas do centro. En dito proceso deben incluírse todos os integrantes da comunidade educativa en maior ou menor medida, dente os recursos ao profesorado pasando polo traballo da aula e as diferentes actividades propostas. A biblioteca e as súas funcións, xunto co seu equipo de dinamización han de integrar tamén este proceso de avaliación e autoavaliación dentro das rutinas de traballo e cotar para o mesmo coa comunidade educativa na súa totalidade.

Tendo en conta as características formativas e de mellora que se pretende coa avaliación esta será continua: ao inicio do curso, para valorar as diferentes necesidades, intereses ou suxestións da comunidade educativa. durante o desenvolvemento das actividades para valorar posibles melloras no camiño, e ao final do ano lectivo, para valorar a totalidade do curso.

A valoración e inclusión de diferentes puntos de vista neste proceso de avaliación enriquece á comunidade educativa posto que axuda a fomentar un clima de espírito crítico sen perder de vista unha mentalidade construtiva e de respecto.

Unha avaliación inicial pode recoller aspectos relacionados cos hábitos de lectura de profesorado, alumnado e familias así como a valoración que o claustro fai da biblioteca, posibles melloras nos fondos, seccións ou nas actividades de dinamización.

Durante o proceso avaliaremos tamén as diferentes actividades así como a motivación e participación dos integrantes da comunidade educativa ou os recursos dos que a biblioteca dispón ao long do curso.

Outros aspecto a ter en conta inclúen:

- A actitude, as iniciativas e a participación xeral dos integrantes da comunidade educativa.
- A valoración das activades propostas.
- O grao de satisfacción da comunidade educativa coas actividades e funcionamento da biblioteca.
- O grao de cumprimento dos obxectivos delineados e as causas que dificultaron o



logo dos mesmos.

- Os impedimentos que se atoparon durante o proceso e a posta en marcha dos proxectos e/ou as actividades.
- As modificacións levadas a cabo e as súas causas.
- As cuestións que necesitan mellora e o xeito de melloralas.

Os principais instrumentos de avaliación e autoavaliación serán o cuestionario e a táboa de autoavaliación das diferentes tarefas e actividades desenvolvidas polo equipo de biblioteca. Asemade a observación directa e indirecta así como os acordos acadados nas diferentes reunións do equipo de biblioteca e/ou nos claustros preceptivos.